



**IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
"Zalaeta"**

PLAN DAS TIC

En fase de elaboración

INDICE XERAL

1. CONTEXTUALIZACIÓN	Páx. 4
2. XUSTIFICACIÓN	Páx. 5
3. OBXECTIVOS	Páx. 6
4. RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS	Páx. 6
5. PROFESORADO DINAMIZADOR DAS TIC	Páx. 8
6. DESENVOLVEMENTO DO PLAN TIC	Páx. 9
6.1. XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	Páx. 9
6.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E ESPAZOS	Páx. 9
6.3. NORMAS XERAIS PARA O USO DOS ORDENADORES	Páx. 10
6.3.1. NORMAS PARA O PROFESORADO	Páx. 10
6.3.2. NORMAS PARA O ALUMNADO	Páx. 10
6.4. FORMACIÓN DO PROFESORADO	Páx. 11
6.5. MODELOS DIDÁCTICOS	Páx. 11
6.6. ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Páx. 11
7. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE	Páx. 12

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Ramón Menéndez Pidal sitúase no barrio coruñés do Orzán. Foi un dos primeiros centros de bacharelato creados na cidade nos anos setenta. No que respecta ó entorno socio-económico pódese dicir que a maioría da poboación ten estudos secundarios ou universitarios e que una alta porcentaxe dos habitantes adícanse ó comercio ou ó sector servizos.

Este centro ven incorporando nestes últimos anos de forma progresiva diversos recursos relacionados coas Tecnoloxías da Información e Comunicación.

A utilización integral e totalmente satisfactoria destes recursos aínda non se alcanzou. Nembargantes, poderíamos dicir que as TIC están incorporadas na actividade docente do profesorado nun grao bastante aceptable e con tendencia á suba.

O cambio obrigado de libros de texto na ESO e a incorporación progresiva dos centros ao programa Abalar leva ás editoriais a ofrecer libros dixitais como apoio aos libros en soporte papel.

Por outra banda realizáronse unhas sondaxes entre o alumnado da ESO e o profesorado.

En canto ó **alumnado** da ESO pódense obter as seguintes conclusións xerais:

- Máis do 90% do alumnado ten ordenador na casa.
- O 90 % teñen acceso a Internet na casa.
- Os alumnos consideran que adquiren a aprendizaxe por eles mesmos ou con axuda da súa familia. O profesorado non ten, para eles, un papel destacado neste aspecto.
- Considéranse usuarios moi avanzados e incluso chegan a considerarse “informáticos” non diferenciando ambos termos. A realidade é que moitas veces non son usuarios avanzados.
- En xeral utilizan o ordenador para navegar, baixar información, compoñer algún texto e sobre todo baixar música, vídeos, imaxes, comunicarse entre eles (Facebook, Twitter, Tuenti...) e xogar.
- A disposición a utilizar as TIC por parte do alumnado é sempre boa, por non dicir

entusiasta. Non aprecian, nembargantes, mellora no seu rendemento escolar co seu emprego.

En canto ó **profesorado**, pódense obter as seguintes conclusións xerais:

- A utilización do ordenador por parte do profesorado está bastante extendida, cunha frecuencia de uso elevada.

- As aplicacións relacionadas con Internet e os procesadores de texto son as máis empregadas e ó mesmo tempo aquelas nas que se presenta maior desenvolvemento no uso.

- A falta de recursos tecnolóxicos no centro, a baixa formación do profesorado (relacionada coa falta de tempo) e a desmotivación son os principais obstáculos para a integración plena das TIC no noso centro.

- Máis da metade do profesorado ten formación específica en TIC, o cal non impide que unha grande parte estaría interesada en recibir máis formación.

- Considéranse usuarios no emprego dos ordenadores.

2. XUSTIFICACIÓN

Na sociedade actual, co desenvolvemento recente da telecomunicación e contando co desenrolo anterior da Informática, as TIC e moi especialmente Internet están a provocar una transformación nas relacións laborais, educativas e en todos os ordes da vida actual.

Pódense clasificar os contidos das TIC nos seguintes apartados:

- Ofimática (folla de cálculo, tratamento de textos, presentacións, visual basic...).
- Programación e utilización de programas (Basic, bases de datos, autocad, simuladores...)
- Imaxe e son.
- Internet (Web, Blog, wiki,...).
- Telecomunicación (Móbil, conversación...).

É obrigatorio segundo dispón a Lei Orgánica 2/2006 de Educación, de 3 de maio de 2006, que cada centro elabore un plan de integración das TIC a incluír no PEC, co fin de incorporar e aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos do centro son:

- Profundización no uso das TIC nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Aumentar a competencia no uso das TIC do profesorado e o alumnado.
- Profundizar aínda máis o uso das TIC na xestión e organización do centro.
- Aumentar os recursos técnicos no centro, tentando por un lado mellorar os medios actuais (conexión a Internet e equipos informáticos) , e por outro conseguir videoproxector e pizarra dixital en todas as aulas.
- Mellorar a organización dos recursos para acadar a máxima eficiencia no traballo.

4. RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS

No seguinte cadro móstranse os distintos medios dos que dispón o centro:

Salón de actos	Videoproxector fixo,ordenador portátil e sistema de megafonía.
Sala de profesores	6 ordenadores con 2 impresora láser branco e negro.
Vestíbulo	Pantalla tv..
Biblioteca	2 ordenador de sobremesa con impresora en cor para o bibliotecario e 6 ordenadores de sobremesa máis a disposición do alumnado. Dispón tamén dun escáner e dunha impresora en branco e negro
Aula de informática 1	19 ordenadores fixos para alumnos e un máis do profesor, unha impresora láser e videoproxector. Conta tamén con altavoces conectados ó ordenador do profesor.
Aula de informática 2	18 ordenadores para alumnos, un para o profesor, unha impresora e un videoproxector. Conta tamén con altavoces conectados ó ordenador do profesor.
Aula de ciclos formativos 1	Ordenadores para alumnos:29; profesor 1 Videoproxector
Aula de ciclos formativos 2	30 ordenadores para alumnos e un máis do profesor. Conta tamén videoproxector

Aula de ciclos formativos 3	17 ordenadores para alumnos e un máis do profesor. Ten asimesmo impresora e videoproxector.
Aula de ciclos formativos 4	30 ordenadores para alumnos e un máis do profesor. Conta tamén videoproxector
Aula de ciclos formativos 5	30 ordenadores para alumnos e un máis do profesor. Conta tamén videoproxector
Aula de Tecnoloxía	Un ordenador fixo e un scáner. Videoproxector e altavoces.5 ordenadores do alumnado.
Aula de Artes	Videoproxector con ordenador portátil.
Aula de Música	Videoproxector con ordenador portátil.
Aulas de Inglés I-II	Dous proxectores con ordenador portátil, cada unha.
Aula de vídeo 1	Videoproxector fixo con ordenador portátil e armario para gardar os dispositivos.
Aula de vídeo 2	Videoproxector fixo con pizarra dixital interactiva e ordenador portátil. Dispón tamén dun armario para gardar os dispositivos.
Aulas de uso xeral	Un videoproxector fixo nunha aula dun grupo por curso, e ordenador para o profesor.
Secretaría	4 ordenadores fixos e dúas impresoras multifunción.
Laboratorio de idiomas	Videoproxector con ordenador fixo.
Aulas desdobles	Dúas aulas con videoproxector e ordenador portátil.
Aulas 1º ESO- 2º ESO	Pizarra Dixital Interactiva con ordenador portátil, videoproxector e armarios para gardar os dispositivos.

Ademáis do anterior, respecto ós medios TIC que teñen á súa disposición os Departamentos Didácticos pódese indicar o seguinte:

- Cada Departamento dispón, polo menos, dun ordenador portátil (agás o Departamento de Educación Física).
- Un reducido número de departamentos posúen ordenadores de sobremesa, xa que nos últimos anos están cada vez máis en desuso.
- A metade dos departamentos didácticos teñen a súa disposición un canón de vídeo, situados en aulas específicas, laboratorios ou taller.

- Un trinta por cento teñen impresora, aínda que nalgúns casos non funcionan. Isto conleva unha grande carga de traballo para a impresora situada na sala de profesores.

Cada membro do equipo directivo dispón, asimesmo, dun ordenador fixo. Existen uns equipos portátiles que están a disposición das necesidades de todo o profesorado.

Ademáis existe un ordenador portátil para o seu emprego por parte dos profesores que máis utilizan os videoproxectores nas aulas.

Existe, ademáis de conexión por cable a internet en case todos os ordenadores citados, unha rede wifi.

5. PROFESORADO DINAMIZADOR DAS TIC

Cada curso escolar o centro disporá dun ou dous profesores/as que se encargarán de dinamizar as TIC, tendo no seu horario un número de horas en función da dispoñibilidade posible.

Terán como obxectivo:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC.
- Mantemento cotián dos equipos na medida das súas posibilidades e coa colaboración de persoal externo.
- Dar formación ó resto do profesorado do centro.
- Informar do repertorio de recursos, tanto xenéricos como específicos.
- Outras funcións que a Consellería determine.

6. DESENVOLVEMENTO DO PLAN TIC

6.1.XESTION DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

- Programa de xestión escolar XADE: formación continua para todo o profesorado que utilice este programa.
- Programa de xestión da biblioteca: a biblioteca funcionará de forma informatizada.

- Novas canles de información e comunicación: intentarase distribuir a información a toda a comunidade educativa utilizando internet, en especial, a páxina web do centro e o correo electrónico.

6.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E ESPAZOS

Os espazos comúns estarán a disposición de toda a comunidade educativa, establecendo unha prioridade para as materias de TIC de 1º de bacharelato e Informática de 4º da ESO e as materias nas que conste o aprendizaxe e uso das TIC no seu currículo.

Faráse unha programación trimestral para cada un dos espazos pertinentes.

Existen unha serie de normas que teñen por finalidade organizar o uso compartido dos recursos e protexer os equipos dun uso incorrecto. (Apartado 6.3.)

A organización e xestión dos recursos faráse tendo en conta as necesidades e opinións do profesorado usuario.

Os medios técnicos situados nas aulas de uso xeral poderán ser utilizados polos profesores cando impartan clases nelas. Na actualidade existe un videoproxector nun só grupo de cada curso e existe un portátil para que os profesores o transporten e o devolvan ó remate da clase. Intentarásese que cada curso vaia aumentando o número de aulas con videoproxector.

Ó longo deste curso ampliáronse os recursos dispoñibles nas aulas, xa que as aulas de 1º da ESO contan con pizarras dixitais interactivas. Asimesmo dotáronse estas aulas con ordenadores e cableado necesario para o seu uso. Todos os dispositivos necesarios para a utilización das pizarras ou dos ordenadores gárdanse nuns armarios habilitados para tal efecto en cada aula.

6.3. NORMAS XERAIS PARA O USO DE ORDENADORES

6.3.1. NORMAS PARA O PROFESORADO

- Os ordenadores das aulas utilizaráanse para realizar actividades programadas, evitando que o alumnado curiose e xogue cos equipos, pois acabarán dando problemas.
- Os alumnos que utilicen equipos informáticos deberán estar acompañados por un profesor.

- Os profesores deberán controlar o estado dos equipos e accesorios anotando as incidencias nas follas que existirán para tal fin en cada aula.

6.3.2. NORMAS PARA O ALUMNADO

- Poñeráse o máximo coidado no uso dos equipos.
- Está prohibido instalar programas ou baixalos de Internet sen autorización do profesor.
- Examinaránse os equipos ó iniciar a sesión, e comunicaránse as deficiencias ó profesor.
- Utilizaránse só os programas autorizados polo profesor.
- Os danos causados intencionadamente serán abonados polos responsables deles.
- Non se cambiarán de lugar periféricos sen permiso do profesor.
- Considérase falta grave o deterioro intencionado.
- Os ordenadores non teñen “dono”. O profesor indicará quen utiliza cada equipo.

6.4. FORMACION DO PROFESORADO

- A persoa/s responsable/s da dinamización das TIC no centro podería usar as súas horas de esta dedicación para formación do resto do profesorado disposto a participar.

- Informar do repertorio de recursos, tanto xerais como específicos.

6.5. MODELOS DIDÁCTICOS

A LOMCE sinala que unha das competencias básicas é o tratamento da información e competencia dixital.

O profesorado debe recoller nas programacións de todas as materias esta competencia.

As TIC facilitan tanto a aplicación de metodoloxías tradicionais centradas no ensino como de metodoloxías modernas centradas nos estudantes. A utilización das TIC favorecerá a evolución progresiva das metodoloxías tradicionais a modelos didácticos centrados na actividade do alumnado.

Alguns modelos que se poden utilizar son os seguintes:

- O profesor explica con axuda da pizarra dixital e o alumnado participa con preguntas.

- O alumnado presenta os seus traballos coa pizarra dixital.

- Corrección entre todos dos exercicios da clase.

- Videoconferencias na clase.

6.6. ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Hoxe no ámbito da discapacidade as TIC adquiriron unha gran relevancia, xa que con elas os alumnos con dificultades no aprendizaxe e na comunicación acadan avances coa axuda de programas e dispositivos.

O labor docente é potenciado combinando recursos educativos materiais, materiais de texto e contidos informatizados.

Os alumnos con algunha deficiencia motora vense beneficiados co uso das TIC e os alumnos con dificultades no aprendizaxe benefícialles moito o uso dos programas de simulación e a búsqueda de información na rede.

O emprego das TIC facilita o labor dos docentes nos casos mencionados e noutros, como a ensinanza con alumnos inmigrantes, minorías étnicas e alumnos con TDA ou TDAH, situacións que podemos atopar neste centro.

7. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE

Establécense os seguintes indicadores para a avaliación:

- O centro dispón de recursos económicos para a aplicación das TIC.
- O plan conta co apoio do Claustro e do Consello Escolar.
- A xestión do centro está informatizada.
- O mantemento foi axeitado.
- Renóvanse e incrementáanse os recursos.
- O profesorado incrementou o uso das TIC respecto ó ano anterior.
- Existiu horario para a formación do profesorado.
- O plan está aberto a toda a comunidade educativa.
- O uso das TIC fai máis fáciles as actividades do profesorado.
- O uso das TIC propiciou a modificación da metodoloxía didáctica.

8. SONDEXES

Para poder ter unha valoración precisa sobre a utilización das TIC no centro a nivel xeral, realizáronse enquisas ó profesorado e ó alumnado da ESO.

Nesas enquisas plantexábanse aspectos relativos á frecuencia, modo e utilidade da utilización das TIC entre outros parámetros.